ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO LUNS 13 DE FEBREIRO DE 2023

No Salón de Sesións da Casa do Concello, ás 14:00 horas do luns 13 de febreiro de 2023 ten lugar a sesión Extraordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):
D.ª Patricia María Vázquez Figueroa
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.ª María Begoña Calviño Dorado
D. Juan Francisco Sánchez López
D. Santiago Franco Blanco

Grupo municipal do Partido Popular (PP)
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.ª Alicia María Souto Ramos
D.ª María Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)

Grupo Mixto
D. David Carro Temprano (BNG)

Non asisten o sr. concelleiro D. Eloy Babío Veiga do grupo municipal de AV e Dª. María Arca Nieto do grupo municipal do PP.

Foron asistidos pola interventora municipal, D.ª Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.ª Ana M.ª Cacharrón Castelos.

Aberta a sesión, os/as asistentes pasaron a estudar os asuntos incluídos na **orde do día:**

1. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2023. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE: 2022/A008/000041. 2. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE 2022/A008/000041.

1. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2023. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE: 2022/A008/000041.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 8 de febreiro de 2023, que transcrita literalmente di:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

"Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña sobre á aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), "POS+2023", recibida o 28 de novembro de 2022, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm.
228, do 1.12.2022.

Visto que na devandita Circular comunícase a asignación do POS+ 2023 ao Concello de Bergondo por un importe total de 286.802,90 euros.

Proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción da seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO. *Participar no* ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"*** *da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023","achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":*

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*100.000,00 €*
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	*---*
Subtotal gasto corrente	*100.000,00 €*

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Achega municipal***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	***Orzamento total***
Ampliación do saneamento da AC-162 en Tatín (Ouces). Concello de Bergondo	*44.136,81 €*	*49.793,00 €*	*--*	*49.793,00 €*	*93.929,81 €*
Melloras na praza pública de Santa Marta de Babío	*47.460,23 €*	*53.542,32 €*	*--*	*53.542,32 €*	*101.002,55 €*
Subtotal investimentos achega provincial 2023	*91.597,04 €*	*103.335,32 €*	*--*	*103.335,32 €*	*194.932,36 €*

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Achega municipal***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	***Orzamento***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

					total
Melloras na praza pública de Bergondiño	*91.214,25 €*	*63.029,48 €*		*63.029,48 €*	*154.243,73 €*
Subtotal investimentos achega provincial 2022	*91.214,25 €*	*63.029,48 €*		*63.029,48 €*	*154.243,73 €*

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	***PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda***
---	*0*
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	*0*

D. Resumo:

			Concello			
POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		***Deputación***	***Concello***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total concello***	***Orzamento Total***
A- GASTOS CORRENTES	***Achega 2023***	*100.000,00 €*	*93.000,00 €*		*93.000,00 €*	*193.000,00 €*
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	*0*	*0*		*0*	*0*
B- INVESTIMENTOS	***Achega 2023***	*91.597,04 €*	*103.335,32 €*		*103.335,32 €*	*194.932,36 €*
	Achega 2022	*91.214,25 €*	*63.029,48 €*		*63.029,48 €*	*154.243,73 €*
C- REDUCIÓN DÉBEDA	***Préstamo 2023***	*0*	*0*		*0*	*0*
	Achega 2022	*91.214,25 €*	*63.029,48 €*		*63.029,48 €*	*154.243,73 €*
	Préstamo 2023	*0*	*0*		*0*	*0*
	TOTAL	***282.811,29 €***	***259.364,80 €***		***259.364,80 €***	***542.176,09 €***

SEGUNDO.- *Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	***(A) Orzamento contrata(encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)***	***(B) IVE soportado deducible(encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)***	***(C= A-B) Orzamento subvencionable(encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)***
Saneamento no Lugar de Covas (Concello de Bergondo)	*128.504,58 €*	*--*	*128.504,58 €*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TOTAIS	*128.504,58 €*	--	*128.504,58 €*

TERCEIRO. *Declarar que o Concello está en trámites de ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e de resolver o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

CUARTO. *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base.*

QUINTO. *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

SEXTO*. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.*

SÉTIMO*. Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

OITAVO*. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*

Bergondo, 7 de febreiro de 2023
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez".

A Sra. Alcaldesa sinala que, tal e como comentaba na Comisión Informativa, a anterior é a proposta que se trae para o POS, na que se consigna unha parte destinada a gasto corrente e outra destinada a inversións, sendo estas últimas recollidas na proposta do orzamento para o presente ano 2023.

Así pois, prevense inversións como a da ampliación do saneamento na AC-162 en Covas e as das melloras dos parques de Santa Marta e Bergondiño, cuxos proxectos se foron perfilando nos últimos días. Así mesmo, sinala que se poderían haber engadido moitas máis propostas e proxectos, se ben os mesmos terán cabida a través doutro tipo de financiamento e de subvencións, ou a través dos suplementos de crédito que se financien con fondos propios.

En canto ao proxecto do Saneamento en Tatín, acalara que se trata de incluír as vivendas que non puideron ser incluídas no proxecto que se acaba de rematar. En canto ao saneamento en Covas, sinala que se propón a súa inclusión no Pos complementario polo tempo que implicará a súa tramitación ao incluír unha expropiación.

Así mesmo, recorda que de cara ao Pos complementario poderase, ou ben ratificar o proxecto previsto, ou engadir novos proxectos, tendo en conta ademais que se trata dun plan que vai incorporando crédito durante o exercicio dándose a posibilidade de obter un maior financiamento.

Por outra banda, sinala que se xustifica unha parte con gasto corrente xa que tamén unha parte das inversións se financia con fondos propios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por último, manifesta que no proxecto do parque de Bergondiño recollese unha remodelación do mesmo bastante importante, e no proxecto de Santa Marta recóllense achegas realizas polos veciños/as da zona.

O Sr. Fafián Torreiro sinala que, como as propostas para o POS xa estaban engadidas na proposta do orzamento do presente ano, non ten nada que engadir. Non obstante, pregunta se, no caso de que algún dos proxectos previstos na proposta non chegara a validarse, dispón o Concello de algún outro proxecto en carteira.

A Sra. Alcaldesa contesta que sempre existen proxectos en carteira. Non obstante, recorda que a non validación dos proxectos sería con certos matices, como por exemplo de darse o caso de que as autorizacións sectoriais implicaran algún cambio de certa entidade nos mesmos, en cuxo caso sería preciso que o proxecto volvera a someterse ao Pleno.

O Sr. Carro Temprano manifesta que o seu voto será favorable e solicita que se lle presenten os proxectos a veciñanza por se queren realizar algunha achega de cara a execución das obras.

O Sr. Fariña Pedreira sinala que calquera dos proxectos incluídos na proposta, e todos eles no seu conxunto, son plenamente útiles e necesarios, polo que o seu voto será favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total once (11) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

2. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE 2022/A008/000041.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 8 de febreiro de 2023, que transcrita literalmente di:

"Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña sobre á aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), "POS+2023", recibida o 28 de novembro de 2022, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 228, do 01.12.2022.

Vista a Circular sobre o POS+ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 recibida en decembro de 2022, pola que comunícase a asignación ao Concello de Bergondo por un importe total de 55.882,47 euros.

Proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción da seguinte proposta de ***ACORDO:***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PRIMEIRO. *Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)* ***"POS+ Adicional 1/2023"*** *da Deputación Provincial da Coruña para o* ***financiamento de gastos sociais extraordinarios****, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:*

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2023	*55.882,47 euros*

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 ***GASTRO CORRENTE***	***PREVISIÓN DE GASTOS 2023***	***ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS***	***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO***	***PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPORTAR AO POS+ADICIONAL 2023***	***OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO***
	(A)	*(B)*	*(C=A-B)*	*(D)*	*(E=C-D)*
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. *O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.*	---	---	---	---	---
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. *As axudas en especie para alimentación e educación, considerararanse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.*	*40.000,00*	*0*	*40.000,00*	*40.000,00*	
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. *O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.*	*882,47*	*0*	*882,47*	*882,47*	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	---	---	---		
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.	---	---	---		
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	*15.000,00*	---	*15.000,00*	*15.000,00*	
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	---	---	---		
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	*55.882,47*	*0,00*	*55.882,47*	*55.882,47*	
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. *A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.*	---	---	---		
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). *A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.*	---	---	---		
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*		
	PREVISIÓN DE GASTOS *55.882,47*	***ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS*** *0,00*	***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO*** *55.882,47*	***IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023*** *55.882,47*	***OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO*** ---

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	*55.882,47 €*
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamentos técnico asistencias para cesión	---
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamentos para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais	---
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I+II+III)	***55.882,47 €***

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

***SEGUNDO**. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Bergondo, 7 de febreiro de 2023
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez".

A Sra. Alcaldesa sinala que o groso da proposta destinase a ampliación e dotación das partidas destinadas as axudas de emerxencia e outras medidas, sendo residual a partida destinada a cubrir os gastos derivados do SAF, toda vez que, no Concello de Bergondo, o servizo de axuda no fogar é financiado con recursos propios e con outra liña de financiamento da Deputación, na que este ano se solicitou un maior número de horas. Por tanto, indica que se segue a liña dos últimos anos, prevéndose axudas a vivenda e para a cobertura do gasto enerxético, as cales están a funcionar moi ben.

O Sr. Fafián Torreiro sinala que os requirimentos para acceder as axudas para o aforro enerxético, en ocasións, son moi difíciles de xustificar para certas familias.

A Sra. Alcaldesa manifesta que, precisamente por ese motivo, o ano pasado se realizou o proceso o máis aberto posible, dentro das posibilidades que ofrecía o marco legal, engadindo calquera tipo de enerxía, incluso a leña.

O Sr. Carro Temprano sinala que calquera das propostas de gasto prantexadas son necesarias, polo que o seu voto será favorable.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que o seu voto será favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total once (11) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

Esta acta foi gravada con vídeo. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000002 a dita gravación en formato mp4. A pegada dixital desta gravación de vídeo é a seguinte:

SHA256: ff40f544e1b67cdb0593e792d146a264ba18a170117f86bb78f6e3699634af60

Esta acta foi gravada con audio. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000002 a dita gravación en formato mp3. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:

SHA256: dbae57750bb7fee6651ca8459666877248fd7fab78e5bdbd6c941e37a2a66c22

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria xeral
Ana Mª Cacharrón Castelos

Vº e Pr. A Alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez.

CVD: yoUzu/zxxdO9R2qR0FLV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)